



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚMERO 310/2016.

En cumprimento do previsto no artigo 38 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

ACORDO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria do **PLENO** da Corporación que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello o vindeiro día **26 de maio de 2016 (xoves) ás 20:00 horas**, coa seguinte orde do día:

PARTE I. ADOPCIÓN DE ACORDOS

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior realizada o 31 de marzo de 2016.
- 2.- Recoñecemento extraxudicial de crédito nº 1/2016.
- 3.- Adhesión á Central de Contratación da Federación Española de municipios e provincias (FEMP).
- 4.- Derrogación do Regulamento da prestación do servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e punto limpo.
- 5.- Moción presentada polo PSdeG-PSOE sobre a falla de sinalización do acceso á estación Padrón-Barbanza.
- 6.- Moción presentada polo PSdeG-PSOE sobre as actuacións aprobadas en pleno sobre conservación dos edificios do casco urbano de Padrón.
- 7.- Moción presentada polo PSdeG-PSOE sobre a deficiente conservación das sinais, e indicadores de lugares, límites de velocidade, do Camiño.
- 8.- Moción presentada polo PSdeG-PSOE sobre o efecto negativo que causa a propios e visitantes o estado de moitas fachadas de edificios de case tódalas rúas do casco, debido a que hai quen se dedica a pintar, impunemente, sobre elas con sprais.
- 9.- Moción presentada polo PSdeG-PSOE sobre a falla de conservación e mantemento do entorno da igrexa de Santa María de Iria Flavia (Iria).
- 10.- Moción presentada por AXP sobre a ocupación de terreos de dominio público con mesas, cadeiras e toldos con finalidade lucrativa.
- 11.- Moción presentada por VECIÑOS DE PADRÓN sobre a necesidade de neutralidade das institucións democráticas en materia de relixión.

PARTE II. CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

- 12.- Dación de conta dos acordos ou Resolucións adoptadas en relación aos reparos suspensivos formulados pola Intervención accidental. Reparos 3, 4, 5 e 6.
- 13.- Dación de conta do informe trimestral elaborado polo departamento de intervención e tesourería sobre o cumprimento dos prazos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na súa redacción dada pola Lei 15/2010, de 5 de xullo. 1º trimestre 2016.
- 14.- Dación de conta das Resolucións do Alcalde da número 175/2016 á número 309/2016.
- 15.- Mocións de urxencia.
- 16.- Rogos e preguntas.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as Concelleiras e todos os Concelleiros, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do mesmo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Facer público o presente acordo mediante a inserción do mesmo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 23 de maio de 2016

O Alcalde

Asdo. Antonio Fernández Angueira



Ante mín
Secretaria

Asdo. Ana María Ares Álvarez

